

ADMINISTRACIÓN LOCAL**PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Persoal, oposicións**

RELACIÓN DE ASPIRANTES QUE SUPERARON O TERCEIRO EXERCICIO, PUNTUACIÓNS FINAIS E APERTURA DA FASE DE CONCURSO DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO (CE2021N)

RELACION DE ASPIRANTES QUE SUPERARON O TERCEIRO EXERCICIO, PUNTUACIÓNS FINAIS E APERTURA DA FASE DE CONCURSO DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO, VACANTE NO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO (CE2021N)

<i>Apelidos e Nome</i>	<i>Puntuación</i>
ANTONIO ABEL SEOANE ESTÉVEZ	8,50

Dita persoa está exenta da realización do cuarto exercicio, sobre a tradución ao idioma galego, por ter acreditada a validación do celga 4, correspondéndoselle 2 puntos

PUNTUACIONES TOTAIS DA FASE OPOSICIÓN

<i>Apelidos e Nome</i>	<i>1º exercicio</i>	<i>2º exercicio</i>	<i>Galego</i>	<i>TOTAL</i>	
ANTONIO ABEL SEOANE ESTÉVEZ	6,87	7,00	8,50	2	24,37

De acordo co previsto na base décimo oitava da convocatoria, unha vez finalizada a fase de oposición, as persoas que a superen e reúnan os requisitos da convocatoria recibirán un código de inscrición, a través dunha mensaxe SMS, que permitirá a presentación da documentación relativa á fase de méritos.

A presentación da documentación acreditativa dos méritos realízase a través do formulario normalizado "217424/1 Solicitud de admisión a procesos selectivos-Anexo I méritos na fase do concurso", dispoñible na sede electrónica da Deputación Provincial de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Cada mérito alegado deberá ter incorporado o seu documento acreditativo e dixitalizado. Os documentos achegados deberán ter o formato PDF e o tamaño máximo permitido por ficheiro será de 3 MB.

Unha vez subida toda a documentación o sistema xerará unha instancia na que se incluírá a enumeración e a denominación dos documentos adxuntos ao formulario de presentación, seguido da pegada dixital (hash) de cada un deles.



Martes, 24 de maio de 2022

Núm. 98

Para formalizar a acreditación dos méritos achegados as persoas interesadas deberán presentar, preferentemente por medios electrónicos, a instancia xerada a través do formulario normalizado, dispoñible na sede electrónica da Deputación Provincial de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) ou, opcionalmente, de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación das solicitudes a través do rexistro electrónico a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e os certificados electrónicos (incluído o DNIe).

O prazo para presentar as solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación dos resultados definitivos da fase de oposición que se publicará no BOPPO, na sede electrónica e no taboleiro de anuncios da Deputación, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP.

Asinada dixitalmente ao marxe.

